

Instrución 10/2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se establecen para o curso 2023/24 os prazos e o procedemento para as reclamacións das cualificacións finais no segundo curso de bacharelato ou da decisión de titulación nesta etapa educativa

A Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, recolle no seu artigo 43.7 que, sendo o segundo curso de bacharelato un curso terminal que posibilita iniciar estudos superiores a través dunha proba de acceso, e coa finalidade de permitir a revisión das reclamacións ás cualificacións finais co tempo suficiente para que a alumna ou o alumno coñeza a súa situación académica antes do inicio da proba, a consellería con competencias en materia de educación ditará as instrucións específicas para cada curso académico, nas que se establecerán o procedemento e os prazos que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións.

Asemade, a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 12, dispón que as sesións de avaliación final ordinaria e de avaliación final extraordinaria do alumnado do segundo curso de bacharelato adecuaranse ás datas previstas para a Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU). E no seu artigo 13 dispón que as probas finais da convocatoria extraordinaria para o segundo curso de bacharelato se adecuarán ás datas previstas para a ABAU.

Por outra banda, co obxectivo de facilitar que todo alumnado participe en condicións de igualdade nos procesos de preinscrición e adxudicación de prazas nas universidades públicas das diferentes Comunidades Autónomas, é necesario prever un calendario de celebración das probas de ABAU no curso 2023/24 harmonizado co resto de Comunidades Autónomas. Por este motivo, prevese adiantar a convocatoria extraordinaria da ABAU respecto das datas de celebración doutros cursos académicos.

Coa finalidade de establecer os prazos e concretar aspectos do procedemento que cómpre seguir na reclamación das cualificacións finais outorgadas no segundo curso de bacharelato ou da decisión de titulación nesta etapa educativa, tendo en conta que se trata dun curso terminal que posibilita iniciar estudos superiores a través dunha proba de acceso e de que se debe permitir a revisión das reclamacións co tempo suficiente para que o alumnado coñeza a súa situación académica antes do inicio da proba, esta Dirección Xeral dita as seguintes



INSTRUCCIÓN:

Primeira. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Estas instrucións teñen por obxecto establecer os prazos e concretar os aspectos do procedemento que cómpre seguir para a reclamación das cualificacións finais outorgadas no segundo curso de bacharelato e/ou para a reclamación da decisión de titulación nesta etapa educativa.

2. Estas instrucións son de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. *Calendario final de curso de segundo de bacharelato*

1. A sesión de avaliación final do segundo curso de bacharelato deberá realizarse:

- Convocatoria ordinaria: a partir do 15 de maio de 2024, na data que permita cumprir os prazos indicados no número 3 da epígrafe segunda destas instrucións.
- Convocatoria extraordinaria: a partir do 13 de xuño de 2024, na data que permita cumprir os prazos indicados no número 3 da epígrafe segunda destas instrucións.

2. Os centros docentes, facendo uso da súa autonomía, concretarán, de ser o caso, as datas das probas finais para o alumnado de segundo de bacharelato con materias pendentes do primeiro curso tendo en conta as datas das sesións de avaliación previstas nestas instrucións e a regulación do artigo 11 da Orde do 26 de maio de 2023.

3. As datas das probas da ABAU realizaranse:

- Convocatoria ordinaria: 4, 5 e 6 de xuño de 2024.
- Convocatoria extraordinaria: 2, 3 e 4 de xullo de 2024.

Terceira. *Revisión no centro*

1. O procedemento de revisión no centro será o establecido nos artigos 39, 40 e 41 da Orde do 26 de maio de 2023.

2. A alumna ou o alumno ou, de ser o caso, a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais que non estean de acordo coas cualificacións ou decisións adoptadas na avaliación final ordinaria ou extraordinaria poderán solicitar cantas aclaracións consideren precisas á persoa titora ou ao



profesorado, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.

3. No caso de que persista o desacordo, poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

Para estes efectos, os prazos para solicitar a dita revisión en cada unha das convocatorias serán:

- Convocatoria ordinaria: os días 20 e 21 de maio de 2024.
- Convocatoria extraordinaria: os días 17 e 18 de xuño de 2024.

Cuarta. *Reclamación ante a Xefatura Territorial*

1. O procedemento de reclamación ante a Xefatura Territorial será o establecido nos artigos 42 e 43 da Orde do 26 de maio de 2023.

2. Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final dunha materia e/ou coa decisión sobre a titulación, o alumnado ou, de ser o caso, a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán presentar por escrito á dirección do centro docente unha reclamación ante a Xefatura Territorial correspondente, no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao da comunicación sobre a decisión adoptada.

Para estes efectos, os prazos para solicitar a dita reclamación en cada unha das convocatorias serán:

- Convocatoria ordinaria: os días 23 e 24 de maio de 2024.
- Convocatoria extraordinaria: os días 20 e 21 de xuño de 2024.

3. Rematado o prazo de presentación de reclamacións, a dirección do centro comunicará á persoa inspectora a relación de alumnado que presentou reclamación para elevar á Xefatura Territorial, con indicación da materia ou das materias de segundo curso de bacharelato e/ou da materia ou das materias pendentes de primeiro curso de bacharelato, e/ou de ser o caso da decisión de titulación, obxecto de reclamación.

Para estes efectos, esta comunicación realizarase respectando as seguintes datas límite:

- Convocatoria ordinaria: o día 24 de maio de 2024.
- Convocatoria extraordinaria: o día 21 de xuño de 2024.



4. A dirección do centro docente enviará os expedientes de reclamación a través da sede electrónica, empregando unha solicitude xenérica (código do procedemento PR004A), dirixida á correspondente Xefatura Territorial de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, na que indicará no asunto “Reclamacións cualificacións finais”.

Os expedientes de reclamacións incorporarán a documentación indicada na epígrafe *Confección do expediente de reclamación* destas instrucións.

Para poder resolver as solicitudes de reclamación antes da matrícula na ABAU, os expedientes enviaranse respectando as seguintes datas límite:

- Convocatoria ordinaria: o día 27 de maio de 2024.
- Convocatoria extraordinaria: o día 24 de xuño de 2024.

Quinta. *Confección do expediente de reclamación*

1. Cada expediente de reclamación da cualificación final referirse a unha soa alumna ou a un só alumno e a unha soa materia e incluírá a seguinte documentación:

a) Escrito da/o alumna/o, da nai, do pai ou da persoa titora legal, solicitando que o expediente de reclamación se remita á Xefatura Territorial.

b) Informe da persoa directora do centro, no que consten as datas de entrega das cualificacións e das distintas comunicacións á/ao alumna/o ou á súa nai, ao seu país ou á persoa titora legal, as actuacións do centro e a información adicional de que dispoña.

c) Reclamación razoada presentada pola/o alumna/o, a nai, o pai ou a persoa titora legal, ante a dirección do centro.

d) Informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de ratificación ou de modificación da cualificación final obxecto de revisión, á vista de todas as avaliacións, da información adicional de que dispoña e das posibles incidencias habidas ao longo do curso.

e) Informe motivado elaborado polo departamento didáctico da materia da que se solicita a revisión.

f) Copia da resolución da dirección do centro.

g) Copia da programación didáctica da materia da que se solicita revisión e, de ser o caso, do seguimento da dita programación.

h) Copia dos instrumentos de avaliación empregados (exames, traballos e rexistros escritos, e demais material elaborado pola/a devandita/o alumna/o ao longo do curso na materia obxecto





da reclamación), que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación da alumna ou do alumno. No caso da convocatoria ordinaria deberanse enviar todos os instrumentos de avaliación do curso e no caso da convocatoria extraordinaria remitiranse os instrumentos de avaliación empregados no período extraordinario.

i) Copia da acta de avaliación ordinaria ou extraordinaria.

j) De ser o caso, as novas alegacións da persoa reclamante e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

2. O expediente de reclamación da decisión de titulación incluírá a seguinte documentación:

a) Escrito da/o alumna/o, da nai, do pai ou da persoa titora legal, solicitando que o expediente de reclamación se remita á Xefatura Territorial.

b) Reclamación razoada presentada pola/o alumna/o, a nai, o pai ou a persoa titora legal, ante a dirección do centro.

c) A acta da sesión extraordinaria do equipo docente, que recollerá a descrición dos feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións e a ratificación/modificación razoada e motivada da decisión de titulación conforme aos criterios para a titulación establecidos na concreción curricular.

d) Copia da resolución da dirección do centro.

e) Copia do apartado da concreción curricular do centro na que consten os criterios de titulación da etapa educativa de bacharelato.

e) De ser o caso, as novas alegacións da persoa reclamante de telas presentado e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

Sexta. Resolución da Xefatura Territorial

1. A Xefatura Territorial correspondente, considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo Territorial de Inspección Educativa, resolverá o procedemento de reclamación. A resolución comunicarase inmediatamente á dirección do centro para a súa aplicación e para o seu traslado á persoa interesada e, de ser o caso, para rexistrarse nos correspondentes documentos oficiais de avaliación.

2. A Xefatura Territorial resolverá no prazo máis breve posible e sempre antes do comezo da ABAU. No caso de que a resolución supoña que a alumna ou o alumno pode presentarse a ABAU, será comunicado á Comisión Interuniversitaria de Galicia.

3. Contra a resolución da Xefatura Territorial, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do



día seguinte ao da súa notificación, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sétima. Días inhábiles

No suposto de que algunha das datas que se establecen nestas instrucións fose inhábil, o prazo prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte.

Oitava. Publicidade

As direccións dos centros adoptarán as medidas precisas para que as persoas interesadas coñezan o contido destas instrucións.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa



ANEXO I

Calendario de revisións e reclamacións – 2º bacharelato

Convocatoria ordinaria – 2º bacharelato		
Trámites e actuacións		Prazo
Revisión no centro	Solicitud de revisión no centro das cualificacións finais	20 e 21 de maio 2024
	Resolución da revisión no centro e comunicación á persoa interesada	Data límite: 22 de maio 2024
Reclamación ante a Xefatura Territorial	Solicitud de reclamación ante a Xefatura Territorial (se persiste o desacordo)	23 e 24 de maio 2024
	Comunicación a inspección educativa da relación de alumnado que presentou reclamación para elevar á Xefatura Territorial	Data límite: 24 de maio de 2024
	Envío do expediente á Xefatura Territorial (a través de sede electrónica)	Data límite: 27 de maio de 2024

Convocatoria extraordinaria – 2º bacharelato		
Trámites e actuacións		Prazo
Revisión no centro	Solicitud de revisión no centro das cualificacións finais	17 e 18 de xuño de 2024
	Resolución da revisión no centro e comunicación á persoa interesada	Data límite: 19 de xuño 2024
Reclamación ante a Xefatura Territorial	Solicitud de reclamación ante a Xefatura Territorial (se persiste o desacordo)	20 e 21 de xuño de 2024
	Comunicación a inspección educativa da relación de alumnado que presentou reclamación para elevar á Xefatura Territorial	Data límite: 21 de xuño de 2024
	Envío do expediente á Xefatura Territorial (a través de sede electrónica)	Data límite: 24 de xuño de 2024





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO II

Modelos de documentación





Modelo reclamación ante o centro

DATA:
ASUNTO: RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓNS FINAIS

Ref.: Reclam_cualif-final
DESTINATARIO: SRA./SR. DIRECTORA/DIRECTOR DO _____

ALUMNA/O:		DNI:
Persoa que formula a reclamación e relación coa/co alumna/o		DNI:
Enderezo a efectos de notificacións		
MATERIA		
CURSO		

Visto que a cualificación final obtida na citada materia e nivel foi a seguinte: e estando en desacordo coa mesma, fórmulase a presente reclamación con base nos seguintes motivos:

Motivos alegados na reclamación	
a)	Os criterios de avaliación e os contidos empregados na avaliación do proceso de aprendizaxe foron inadecuados en relación aos recollidos na correspondente programación didáctica.
b)	Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación didáctica.
c)	A aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia non foi correcta.

Adicionalmente aos motivos alegados, fago tamén constar as seguintes consideracións de valoración, para que sexan observadas e tidas en conta na decisión sobre a presente reclamación:

Documentación achegada coa reclamación:

En _____, a _____ de _____ de 20____

A/o alumna/o ou persoa reclamante*

Asdo.:

* A reclamación será formulada pola/o alumna/o no caso de ser maior de idade e pola súa nai, o seu pai ou a persoa titora legal, no caso de ser menor de idade.





Modelo informe de departamento didáctico

En....., sendo as horas do día de de 20..., reúnense os membros do departamento didáctico que se citan deseguido, para tratar a revisión da cualificación final outorgada pola/o profesora/profesor á/ao alumna/o de da materia.....

ASISTENTES:

Recibida da dirección do centro, en prazo e forma, a reclamación en primeira instancia sobre a cualificación final outorgada á/ao alumna/o arriba indicado, logo de examinar as actuacións seguidas no proceso de avaliación da/o alumna/o, no marco da programación didáctica, informa o seguinte:

1. Descrición de feitos e actuacións previas

2. Analizada a adecuación dos criterios de avaliación e contidos, sobre os que se realizou a avaliación do proceso de aprendizaxe da/o alumna/o reclamante, en relación co establecido na programación didáctica, conclúese que a súa correspondencia é a que se indica:

Elemento da programación	Corresponden cos establecidos na PD	Non se corresponden
Criterios de avaliación		
Contidos		

3. Analizados os procedementos e instrumentos de avaliación aplicados á/ao alumna/o reclamante en relación co sinalado na programación didáctica e, de ser o caso, no seguimento da mesma, dedúcese que si foron/non foron correctamente desenvolto, xa que ...

4. Analizada a aplicación dos criterios de cualificación, comprobando que estes se corresponden cos establecidos na programación didáctica, estímase que foron/non foron correctamente aplicados, xa que ...

5.-Considerando a información obtida da análise dos elementos anteriores, os membros do departamento acordan por unanimidade/maioría

	Ratificar a cualificación anteriormente outorgada.
	Modificar a cualificación de outorgada na sesión de avaliación ordinaria/extraordinaria por

A xefatura do departamento

Sinatura dos restantes membros do departamento

Asdo.:

Dirección do centro.....





Modelo comunicación dirección reclamación cualificacións

Asunto: Revisión da cualificación final

Reclamante:

Materia:

Curso:

Vista a reclamación presentada por alumna/o no *nome do centro* perante a dirección do centro o día contra a cualificación final outorgada na materia de 2º de Bacharelato, tendo en consideración:

Primeiro:

Segundo:

COMUNICA

A decisión de ratificación/modificación da cualificación final obxecto de revisión mantendo/outorgando a cualificación de ante a reclamación presentada en data por contra a cualificación outorgada na materia de de 2º de Bacharelato.

Contra a decisión de ratificación ou modificación da cualificación revisada, de persistir o desacordo coa cualificación final, poderase presentar por escrito á dirección do *nome do centro*, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a Xefatura Territorial de da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

En _____, a _____ de _____ de 20_____

A directora / O director

Asdo.:.....





Modelo reclamación ante a Xefatura Territorial

DATA:
ASUNTO: RECLAMACIÓN ANTE A XEFATURA TERRITORIAL CONTRA AS CUALIFICACIÓNS FINAIS

Ref.: Reclam_cualif-final_XT
DESTINATARIO: SRA./SR. DIRECTORA/DIRECTOR DO _____

ALUMNA/O:		DNI:
Persoa que formula a reclamación e relación coa/co alumna/o		DNI:
Enderezo a afectos de notificacións		
MATERIA		
CURSO		

Visto que a cualificación final obtida a na citada materia e nivel foi a seguinte: e estando en desacordo coa decisión adoptada tras o procedemento de revisión no centro comunicada en data, formúlase a presente reclamación para a súa elevación ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades con base nos seguintes motivos:

Motivos alegados na reclamación	
a)	Os criterios de avaliación e os contidos empregados na avaliación do proceso de aprendizaxe foron inadecuados en relación aos recollidos na correspondente programación didáctica.
b)	Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación didáctica.
c)	A aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia non foi correcta.

Adicionalmente aos motivos alegados, fago tamén constar as seguintes consideracións de valoración, para que sexan observadas e tidas en conta na resolución da presente reclamación:

Documentación achegada coa reclamación:

En _____, a _____ de _____ de 20_____

A/o alumna/o ou persoa reclamante*

Asdo.:

* A reclamación será formulada pola/o alumna/o no caso de ser maior de idade e pola súa nai, o seu pai ou a persoa titora legal, no caso de ser menor de idade.

